



QUE ME QUERES AMOR?



Manuel Rivas

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é un dos escritores galegos con maior proxección internacional. Membro da Real Academia Galega, ten sido traducido a múltiples idiomas, recibiu numerosos premios pola súa traxectoria tanto xornalística como literaria e algunhas das súas obras máis coñecidas foron levadas ao cinema.

Narrador, poeta e ensaísta, ocasionalmente tamén dramaturgo, o seu labor nos medios de comunicación galegos e do resto do estado español é intenso e abrangue tanto a dirección de cabeceiras (así a revista Luzes) como o columnismo en xornais de referencia como El País ou La Voz de Galicia.

“A moza do pantalón pirata”

Un deles tivera a febleza de asubiar baixiño durante uns segundos e logo el mesmo mirou ao redor como se buscase unha fenda culpable na que asubiara o vento. O outro recoñeceu aquela cantiga e foi tras dela polo teito, ata bater coas ás dos ollos naquela luz pobre e somnolenta.

*Aparta loureiro verde
deixa clarexar a lúa,
que estou no medio do monte,
non vexo cousa ningunha.*

Pero non despegou os labios. De facelo, de tarareala, soaría como unha delación. Como calou tamén aquela dor inconfesable de alfinete de auga na sen, o implacable pingar da billa do

ruinoso lavabo. Disimulando a anguria, puxo un pano no fondo que amortecera o tintín, mais xa lle furara a cabeza aquel estalo líquido de balín.

Os dous fumaban tabaco negro. Había un envoltorio de cigarros baleiro e estruchado e que tiña agora a redondez deforme dun balón de coiro sen aire, abandonado no recanto dun húmido vestiario.

Os dous foran porteiros de fútbol. Esa foi a máxima confianza persoal á que chegaron despois de cinco días, longos como cinco anos. Por suposto non se dixeran en que equipos nin en que bisbarras. Aquela casualidade fixo que se miraran por un intre con signos de sorpresa e interrogación, debuxados nas cellas. Proseguir naquela conversa era unha imprudencia. Saber que fumaban o mesmo tabaco era o límite de intimidade ao que podían chegar. Eran camaradas e tiñan unha misión que cumprir. Iso era todo o que podían coñecer un do outro.

Uníaos un plano. O demais era falso. Os nomes, as profesións, as procedencias. Mesmo as xemas dos dedos foran tratadas con ácidos para borrar a identidade.

O plano estaba alí, enriba da mesa, a carón do cazo de cinc cos cigarros queimados como escoria da noite. Ningunha outra cousa debería delatar o seu paso. Na hora final, alisaron as engurras das mantas dos camastros, á maneira de quen espanta a aura dos corpos que alí durmiron.

Os dous, en efecto, foran porteiros. Alguén, nalgues, os elixira e quen sabe se ese dato decidira. Porque el, quen fora, sabíao todo deles, unha cámara oculta nas súas vidas. E de seguro imaxinounos así, como eran, mudos, afeitos a longas soidades

eternamente alertas, mesmo cando o balón estaba lonxe, na outra área. Apousados e sólidos, pero tamén felinos, ao axexo, cos músculos á espreita con resortes que saltaban sen dúbida no intre decisivo.

Miraron cadanseu reloxo e asentiron cun aceno, pois eles mesmos se foran conformando durante o longo encerro como engrenaxes internas dunha máquina do tempo e notaban nas vísceras o rolar mecánico os dentes da Historia.

Era a hora.

Colleron todos os restos, comezando polo plano, e fóronos queimando nun lume mínimo, de retirada.

Era si, o mediodía.

Despois da longa noite de cinco días, cegounos a luz do sol e púxoos en garda o canto metálico dos grilos, un exército enxordecador e oculto que parecía telos agardado corpo en terra. Pero axiña botaron a andar con decisión, reducindo o mundo ás liñas do plano impreso na memoria. Alí, á esquerda, entre dúas sebes de loureiro, estaba o atallo, a vella corredeira onde antano rodaran os carros, agora alfombrada de follaxe e fentos. Andaron igual que mergulladores nun lene fondo acuático, procurando que o espanto dos paxaros fose tan mudo como o de peixes.

Máis que cousa de homes, aquela misión semellaba terse urdido no maxín umbroso da natureza. O mesmo barullo dos grilos lles parecía agora un protector fogo de infantaría amiga. Todo estaba disposto, debuxado e soñado hai tempo. Labradores con brazos de ferro como rellas de arado cavan aquel camiño fondo había moitos anos porque alguén, nun soño fumegante de ester-

co, albiscou que sería o túnel vexetal que un día percorrerían os dous valentes que ían matar ao Bestión.

Foi así que , a salvo do sol e de calquera mirada, chegaron ao vello muíño abandonado, enrexado de altas silveiras. Pero a ruda vexetación agarimábaos como veludo. Notábana da súa parte. O plano era exacto. As moas eran dous círculos esbozados en pedra e , no muro, a man do debuxante abrira a exacta xanela, con vidros bordeados de foula e arañeiras. Era o mellor e o máis discreto dos miradoiros posibles. A pouca distancia, espléndida e nítida, como debuxada tamén pola mesma man que fixera o plano, estaba a ponte. Ata os gardas de vixilancia, situados en ambos os dous extremos, parecían querer imitar a rixidez do trazo con que foran sinalados no papel.

Debaixo da ventá, no chan, e ocultos por un pano de musgo, estaban os cabos dos cables. Segundo o previsto, o Bestión e a súa comitiva pasarían en media hora. No xusto intre, eles só tiñan que facer o contacto eléctrico e a ponte derrubaríase como un mecano infantil.

Atentos ao reloxo, alucaban por turnos, e o que non miraba permanecía silente e pétreo, ancorado no muro. Apenas había circulación pola ponte. De cando en vez, un automóbil que reducía a marcha, intimidado polo control, e algún tractor co remolque cargado de herba, con ese devalar preguiceiro que teñen as máquinas do campo nas horas de calor. Tamén o tempo ía amodo, retido polos zunidos dos insectos e os estalos das bagas das xestas. Cinco minutos antes da hora, así era a rutina rexistrada no plano, os gardas haberían cortar o tráfico e ordenar aos condutores que arrimaran á beira, coa ponte despexada.

Pero aínda non chegara ese momento e agora era unha moza a que pasaba en bicicleta e tres pares de ollos seguírona cautivos, como se quixeran ocupar o lugar das rodas. Levaba o pelo recollido nunha longa cola e vestía unha blusa de mangas globo e un pantalón pirata e cor negra, moi cinguido, e que deixaba as pernas espidas baixo os xeonllos. Os dous gardas e o vixía oculto no muíño viron como a moza xiraba a cabeza cara ao río, deixaba de pedalear e logo botaba un pé ao chan para deter a marcha. Apoiou a bicicleta na varanda e pousou os cónbados no peitoril da ponte.

Desque irrompeu a lanzal figura da ciclista, o vixía do muíño estivera á marxe da realidade. Aquela presenza producíase fóra do plano. Non existía ningún trazo que simulara unha figura de muller apoiada no peitoril, a contemplar o devalo do río, nin dous círculos como rodas que sinalaran o xusto lugar, medio e medio da ponte, onde estaba o principal pilar, e adherida a carga explosiva. El aínda permaneceu uns segundos enfeitizado pola beleza grácil da moza ciclista sen establecer un vínculo entre a irrealidade da aparición e as agullas do seu reloxo. Máis ben, pola contra, casouna cos leitos de trevo e fresa brava que se suxerían baixo os ameneiros, nos recantos do río. Pero había un desaxuste. Sentiu como unha desagradable retorcadura nas tripas cando baixou a vista e reparou nos cables que o unían de xeito tan estreito a ela.

Chamou a atención do compañeiro e este necesitou outros preciosos segundos para assimilar aquel erro da realidade, aquela boneca absurda no escenario da historia.

- Que carallo fai?

- Nada, mira o río.
- Eses cabróns tíñana que botar de aí.
- Sempre o fan. Dicían os informes que nunca deixan a ninguén na ponte.
- Mira, cortan o tráfico. Joder, por que non lle din nada a ela?

Faltaban cinco minutos para liberarse do Bestión. Durante moito tempo, durante anos, a Organización preparara co máximo sigilo o golpe que o mandaría ao inferno. Centos de ollos esculcaron os movementos do tirano ata descubrir ese punto feble, a ponte dunha estrada secundaria, na súa arañeira sen rutinas. E a partir de aí, moita xente xogara o pelello sen saber nin querer saber, dándolle á bóla como xogadores estáticos dun fútbolín, movidos por alguén descoñecido que nalgures, a suficiente altura, contemplaba o conxunto. Toda aquela urdime, aquel tecido de vontades anónimas, dependía agora deles.

Tamén o home que escribía miraba agora pola fiestra, fumando o tabaco negro que a eles lles estaba prohibido nesa hora decisiva da historia.

A filla, unha pequena de oito anos, abriu a porta.

- Que fas?
- Un conto.
- De nenos?
- Non. É de maiores.
- Bah! Sempre dis que vas facer contos para nenos e logo nunca os escribes.

- Cando remate este, escribirei un conto para nenos. De verdade.
- Iso é o que dis sempre.

O home que escribía mirou o reloxo e logo buscou unha ponte sobre un río, máis aló da paisaxe de tellados de gaivotas e azoteas de tendais.

- Escoita - díxolle á nena- Hai un home moi malo, moi malo, que manda nun país como se fose un cárcere e ás veces mata aos que protestan. El ten moita forza, moitos gardas que fan o que el ordena. Este home, ao que chaman polo baixo o Bestión, vai pasar por unha ponte en coche. Debaixo desa ponte hai unha bomba moi grande. Pero entón, na ponte, pasa algo. Aparece unha moza montada nunha bicicleta, deixa de pedalear e ponse a mirar o río...
- E que?
- Ben. Eles, os da bomba, non saben que facer.
- Que parvada! O que teñen é que...

De súpeto , o home que escribía mirou con espanto pola fiestra. Vibraban os cristais e un trono xordo estoupou na súa cabeza e espantou as gaivotas. Maldiciu entre dentes.

- Que pasa? – preguntou a nena.
- Nada. Xa é moi tarde – dixo mirando o reloxo.

Manuel Rivas , *Que me queres, amor?*

Hora de ler



Hora de ler